



PROGRAMA *FIDES-AUDIT*

**SISTEMAS DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE DA FORMACIÓN
UNIVERSITARIA**

Convocatoria 2009

Este documento é propiedade da ACSUG. Non está permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito da ACSUG, a cal non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

1. Introducción

As universidades teñen a responsabilidade fundamental sobre a calidade dos seus estudos e representan o factor máis relevante na configuración dun verdadeiro Espazo Europeo de Educación Superior.

Ademais, o marco legal vixente recolle que a garantía da calidade das universidades españolas, no ámbito nacional e internacional, é un fin esencial da política universitaria.

Co programa FIDES-AUDIT, a ACSUG pretende que os centros das universidades galegas poidan garantir que dispoñen dun proceso sistemático de recollida de evidencias que permita o cumprimento dos futuros criterios de acreditación das ensinanzas universitarias. Os criterios da acreditación quedarían cubertos garantindo o seu cumprimento a través do Sistema de Garantía de Calidade.

Co programa FIDES-AUDIT os centros melloran as súas actuacións e responden aos requirimentos dos estudantes e da sociedade, un dos obxectivos marcados pola lei.

2. Obxectivo da convocatoria

O obxectivo que se pretende cubrir coa presente convocatoria é apoiar aos centros das universidades galegas no deseño e implementación dun modo sistemático de procedementos de garantía interna de calidade.

3. Participantes

A presente convocatoria está dirixida aos centros das universidades do SUG:

- Que habendo presentado a ficha de solicitude na primeira convocatoria, non someteron os seus deseños a avaliación.
- Que obtiveran na convocatoria anterior unha valoración final "negativa".
- Que presentan por primeira vez a súa solicitude de participación no Programa FIDES-AUDIT.

4. Procedemento para presentarse á convocatoria

Os centros interesados deberán cubrir a solicitude de participación no programa FIDES-AUDIT segundo o modelo que figura no **anexo I** deste documento. A solicitude deberá levar a sinatura do representante do centro e do Reitor ou persoa da universidade en quen delegue.

A solicitude deberá enviarse a través das Vicerreitorías de Calidade á **ACSUG**, á dirección de correo electrónico fides@acsug.es e por correo postal a:

ACSUG-Programa FIDES
Rúa Lamas de Abade, s/n
Edif. CIFP Compostela-5ª planta
15702 Santiago de Compostela

A presentación da solicitude implica a aceptación das condicións desta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes á ACSUG será **ata o 27 de febreiro de 2009.**

O prazo de presentación da documentación completa do SGIC do centró será **ata o 30 de xuño de 2009.**

5. Formalización da participación

A ACSUG publicará na súa páxina Web os centros participantes na presente convocatoria.

6. Seguimento e coordinación do programa

O seguimento e coordinación do programa realizarase na ACSUG.

ANEXO I: Ficha de solicitude

D/Dna. ----- en calidade de representante do Centro ----- da Universidade ----- con domicilio en -----, CIF ----- expoño o interese deste centro en participar na **Segunda Convocatoria** do Programa FIDES-AUDIT, e para que conste,

Asdo. representante do Centro:

Asdo. Reitor:

-----, a ---- de ----- de 2009

Universidade		
Centro		
Nome da persoa designada para levar o programa		
Cargo		
Enderezo		C.P.
Enderezo electrónico		
Teléfono		